

15 voces

da nova poesía galega

GADIS

15 VOCES DA NOVA POESÍA GALEGA

Idea, selección e deseño
Nasas

Edita
GADISA Retail SLU

Depósito Legal
C504-2021

Impresión e encadernación
Agencia Gráfica

Galicia, maio 2021

GADISA Retail SLU e Nasas Social Media SLU non se fan responsables das opinións, expresións e contidos das autoras e autores dos textos recollidos nesta obra.

15 voces *da nova poesía galega*

GADIS

Deixar que a poesía saia á rúa, intempestiva

Atoparte cunha escolma de poesía é sempre boa nova, e máis aínda cando esta chega ás túas mans dun xeito e nun lugar que non son os agardados. Unha selección de poemas de voces na súa maioría novas e pouco coñecidas semella tamén un xeito feliz de celebrar o Día das Letras Galegas. No ano no que a figura homenaxeada é Xela Arias (Sarria 1962 - Vigo 2003), son varias as razóns que fan deste libro un agasallo acaído.

Un dos motivos radica no feito de que Xela Arias foi, entre moitas outras cousas, e sobre todo, poeta. Para ela, escribir poesía era “un acto de liberdade” que tiña como obxectivo a comunicación co seu interior e co tempo que lle tocara vivir: “escribo para entenderme e facerme entender, para comprender o mundo no que vivo”.

Xela Arias ten dito que se recordaba desde sempre escribindo. As súas primeiras composicións poéticas foron dadas a coñecer nos inicios da década dos oitenta, moito antes de que publicase o libro *Denuncia do equilibrio* (1986). Os suplementos dos xornais, as revistas, os fanzines e os volumes colectivos foron as súas cartas de presentación como poeta. É por iso polo que esta publicación que agora estás a abrir cobra un especial sentido.

Finalmente, hai outra razón pola que este libro lle resultaría grato á escritora homenaxeada e ten que ver coa súa vontade de levar a poesía a espazos pouco habituais. Así o fixo nos seus recitais, acompañados en moitas ocasións de música, e tamén no libro e na exposición homónima *Tigres coma cabalos* (1990), onde fixo dialogar os seus versos coas fotografías de Xulio Gil. Quería Xela Arias procurar outro ámbito para ler a poesía, “rebelarse contra a concepción do libro como un cadáver morto no anaquel” e deixar que “a poesía saíse á rúa”, libre e intempestiva. Coma neste libro que tes entre as mans.

María Xesús Nogueira Pereira

Profesora de Literatura galega da Universidade de Santiago de Compostela



Andrea Nunes Brións

(Marín, 1984)

Vinculou desde os seus comezos a actividade poética ao activismo feminista. *Corrente de esquecemento* (Aturuxo, 2007) foi o primeiro dos seus libros. Os seus versos foron publicados en numerosas revistas, xornais e libros colectivos. O seu segundo libro, *Todas as mulleres que fun* (Corsarias Editora, 2011), foi finalista nos premios AELG e constrúe un contradiscurso antipatriarcal que se insire nunha rede de pensamento crítico. Escribe o seu último libro conxuntamente con María Rosendo, *Diáspora do amor balea* (Caldeirón, 2018), co que gañan o XII Premio de Poesía Erótica Illas Sisargas.

Amor Valente

a palabra miña amor pode ser na batalla da ausencia
un mal costume

o poema queremos vindicación mais doe na gorxa ao
pronuncialo

ben sabes que adoito nacer
nas beiras dos camiños no asfalto
ou nos terreos abandonados
como as túas silveiras amor
e téñote na miña boca sempre
cuberta polas espiñas das fronteiras
follas pinnadas ou solitarias
que xuran como froito un ansiado reencontro

porén cada ventre escuro que chegou ás nosas linguas
desaprendeunos o mandado acariñando sen medo

o *nosso* delicioso amor
amor-certeza
amor-igual

amor-valente:

amor-balea


Diáspora do amor balea (Caldeirón, 2018)

“Que empeño por levantar a cabeza”

Ana Romaní

Non todas preferimos o paxaro na man
a outras dáanos polo cento voando...

Todas as mulleres que fun (Corsarias Editora, 2011)



Tamara Andrés
(Combarro, 1992)

Traballa como tradutora literaria e docente mentres se forma como investigadora. *Bosque vermello* (Edicións Positivas, 2019) e *Irmá paxaro* (Cuarto de Inverno, 2019) son os seus últimos poemarios. Textos seus foron premiados en diversos certames e publicados en obras colectivas, como nas antoloxías *No seu despregar* (Apario) ou *Anthology of Young Galician Poets* (Vakxikon, 2019). Descubre achegas literarias no Diario Cultural Zeta, desenvolve accións poéticas para distintos espazos e imparte obradoiros de escritura creativa.

@freckleseye

Ao outro lado do cristal hai unha flor que che impele ao tacto. Non podes romper o impoluto, recorda. É así: nesta escena hai un recendo que non pode ser. A palabra *amante* naceu para expresar a urxencia do prohibido que cómpre romper. Esta ocasión é propicia para converter o desexo en raíz e arrincar todo desde a fondura. Agonizar. Olla como medra a flor desde a túa envoltura de sangue. Prohíbelle aos labios poñerlle nome. Tras pechar o peito, bica a superficie e celebra a idea da ollada que todo o pode traspasar.

Bosque vermello (Edicións Positivas, 2019)

Sitúaste fronte ao millo. Os ourizos que acaban de abrir deixan a súa pegada no aire. A cor que define o teu corpo é tan intensa coma o deveso de introducir as mans no saco de gran fresco que a avoa esqueceu debullar. Aquel día comezaba a primavera e chegaba para entregarlle o fantasma da flor. Cheiraba a ferruxe. Retorna agora no aire. Respiras, e irrompe sobre ti a cúpula e toda a dor que contén a palabra *desplomar*. Ábrense as espigas para ofrecerche as súas vértebras. Descubres que hai flora que tamén é real.

Bosque vermello (Edicións Positivas, 2019)



@sdraswi

Lúa Mosquera

(Miño, 1988)

Estudou Filloxía Galega na Universidade de Santiago de Compostela. Conta con dous poemarios publicados, ambos autoeditados: *Rasrás* (2018) e *Aunque seas rara y seas pájaro* (2020). Finalista da Poetry Slam Compostela no 2019 e gañadora da Virtual Poetry Slam Compostela no 2020. Leva a súa poesía ao público con numerosos recitais con acompañamento musical, algúns en festivais como o Festival Internacional de Poesía Kerouac de Vigo, o Loro Facu de Miño ou o Elas Son Artistas da Coruña.

Autoxestión

Ata o amor
podo facelo soa.

Inédito

Anorak de pel de caribú

Se vas vir,
ven sen o reloxo.

Podes levar, de ser o caso
de estarmos a vivir un inverno esfameado
cheo de poalleira conxelada
na pel das plantas da túa terraza
do teu piso
de aluguer,
un anorak de pel de caribú.
Podes levar, de ser a desgraza imparábel,
de ser a sorte inimiga,
unha máscara tapabocas
unhas luvas antialoumiños
un certo medo no peito amarrado
para evitar calquera tipo de contaxio.
Podes levar,
por que non,
enrugada no peto do vaqueiro,
pegadiña ao profiláctico premeditado,
unha ilusión cativa
de que todo vai saír
como o imaxinaches nun soño
que tiveches nos primeiros do 2000,
onde soñar suplía
todas as redes sociais do teu móbil de agora.

Mais de vires,
deixa que fite
cunha cacharela en cada ollo

o teu pulso nu.

E deixa que pense
que mañá
é só
unha falacia
inventada polos académicos da lingua.



Gonzalo Hermo

(Rianxo, 1987)

Doutor en Filloxía Galega pola Universidade de Santiago. Actualmente vive en Barcelona, onde traballa como profesor de galego na Universitat Autònoma de Barcelona e de escrita creativa na Escola de Lletres. Publicou tres libros de poesía: *Crac* (Barbantesa, 2011), *Celebración* (Apiario, 2014) e *A vida salvaxe* (Pen Club Galicia, 2018). Pola súa obra poética, recibiu, entre outros, o Premio da Crítica da Asociación Española de Críticos Literarios e o Premio Nacional de Poesía Nova «Miguel Hernández». *Diario dun enterro* (Galaxia, 2019), Premio Repsol de Narrativa Breve, é a súa primeira novela.

@dropoutofcollage

Tes a idade da túa pel,
pero a memoria é vella de máis para entendela.

Repetirei o teu nome cando sexas outro
para evocar
aquilo que perdín e amei fondamente.

A linguaxe dura.

Os corpos non.

Celebración (Apiario, 2014)

Primeiro pracer

Oín dicir que o desexo é unha imaxe da infancia.

Daquela o meu desexo acontece ao pé dun río
nunha paisaxe alagada polas augas
onde dous rapaces xogan a arrolarse pola herba.

Recordo a humidade do lugar.
O cheiro a resina que nacía dos amieiros.
A luz verde que cerca a braña á tarde.


Amparado nesa luz
o corpo do rapaz apertado contra a terra
o meu por riba caéndolle de lado
aterrando sobre as pedras cos xeonllos.

Se en verdade o desexo é unha imaxe da infancia
daquela o meu desexo acontece na ferida.

Cómo fuxir do lugar
en que o pracer se estanca e fermenta,
fermenta.

Cómo se baleira a memoria
para ser por fin
un home novo.

A vida salvaxe (Pen Club Galicia, 2018)



Samuel L. París

(Muros, 1984)

Publica en 2008 o *Manual da destrución* no Netlabel A Regueifa. En 2012, *Inflamable* en Edicións Positivas. En 2013 escribe e publica un poemario orixinal completo á semana no seu blog. En 2015 publica, baixo demanda, 25 poemarios con textos inéditos e exclusivos escritos integramente a man. En 2020 publica a *Internacional de Poesía Anarquista* tamén en Edicións Positivas. Ten participado en numerosos recitais por toda a Península e publicadas compilacións de Spoken Word en diferentes plataformas.

así como os loureiros estoupan cando arden / así como os verbos intransitivos que apuntan cara a oriente / así como as herbas baixas na área rival / así como a lentitude churrasco na alma do churrasco-nacente / así como o evitable da palabra inevitable / así como quen argalla unha mafia mentres soña coa fame dos crocodilos / así como a maldade dos meses que fitan outubro con medo / así como o vermello dos monstros solidarios que sopran fume / así como as imaxes todas dos corpos brancos na noite branca / así como os argumentarios febles en fiestras intervertebrais / así como as cualificacións onde todo o mundo o sabe / así como a eternidade dos cabalos sionistas nos montes liberais / así como as nubes que se saben descontroladas e conquistan amizades / así como as raíñas da nada / así como o que din as nais aos pais cando as nais miran os pais / así como os asentamentos civís onde adverbializa a desconfianza / así como o agoiro dos corvos que venderon os seus peteiros por catro pesos / así como as escollas nas que es ti a escollida / así como a aberta final nos pés do mar por descubrir / así como as agorafobias dos cosmonautas infantiloides e tenros / así como as masas as velocidades e as lonxitudes / así como a cousa que agora mesmo xa non sería tal / así como as benvidas as fuxidas e as celebracións insubmisas / así como quen permanece no fígado que lle pertence / así como as inseguras gaiolas que percuten na néboa e nesas imbecilidades / así como a liberdade do incoherente / así como a incoherencia do que non coñece

nin quere coñecer

Inflamable (Edicións Positivas, 2012)

pouco ou nada

na literatura galega da primeira metade do século XX
non se fala case nada
do salpicón de marisco

Inflamable (Edicións Positivas, 2012)



Ismael Ramos

(*Mazaricos*, 1994)

Publicou os poemarios *Lixeiro* (Xerais, 2021), *Lumes* (Apiario, 2017) e *Os fillos da fame* (Premio Johán Carballera, Xerais, 2016). Pola tradución ao castelán de *Lumes* —*Fuegos* (La Bella Varsovia, 2019)— recibiu o Premio Javier Morote outorgado polas librarías independentes españolas (CEGAL) ao mellor libro publicado por un autor novo nese ano.

Unha postal

Dende aquí escoito o mar aínda que non o vexa. Escribo postais nas que vos conto que todo é máis triste do que agardaba, menos verde.

A mesa da cociña é estreita e sérveme de escritorio.

Pola mañá, despeizamos un coello nesta mesma táboa. Bañámolo en aceite e especias.

Soan as campás.

Mentres vos escribo, encólleseme o estómago e penso nas lebres cando saltan.

Lixeiro (Xerais, 2021)

Tres vacas

Mentres les, concéntrome no tacto da túa chaqueta.
E penso no pelo mollado das vacas cando chove, se nin-
guén as recolle.
Unha paciencia triste. Mesta.
As vacas, que non dubidan que as virán recadar. Os
seus ollos tranquilos.
Debuxo a túa postura, tan parecida á dos paxaros cando
secan as ás molladas.
Ese movemento pequeno que avanza e dubida cada vez
que os teus ombros se adiantan ao teu corpo. Cada vez
que descubro o que protexes e te atravesas.
Tremes.
Estamos sós e quietos. Escribo sobre ti.
Fóra as vacas confían no amor.



Lixeiro (Xerais, 2021)

@sdraswi

quico

(*Parroquia de Arcos -
O Carballiño, 1990*)

Poeta que ten publicadas as obras *o tempo da cireixa* (Edicións Positivas, 2019) e *O Elo* (Urutau, 2020), esta última xunto a Emma Pedreira. Sente unha gran debididade pola viticultura e a cata, pola obra de Roberto Bolaño e o Entroido, entendido como celebración máxima dos corpos.

A Casa de Barro

Compor algo arredor dos rituais de ligazón aproveitando a conversa na Casa de Barro. O asento diminuto e fermoso pintáranos con tino pra disimularlle a idade. Arriba a lúa. Enorme. Dunha brancura aínda máis vella. Esta fora a promesa.

Acudiría á etimoloxía pra evidencia-lo meu descoñecemento sobre iso que denominamos *rito* por moito que me interesase o seu valor de verdade. Todo rito ábrenos por definición a ela á verdade *aquilo que inscribe nos corpos cerimoniais* [...]

Mais agora non falo das ligazóns senón dunha unción de enfermas. A Casa de Barro era o cereal. O morteiro. O alimento contra a fame.

O Elo (Urutau, 2020)

O San Benito do Maraño




@dropoutofcollage

Os seus antergos mirábanos dende a lentura do val. A primeira fiestra dá á cociña. Logo vén a porta da entrada á que lle seguen a fiestra do salón lla do cuarto principal que acadan o chau. A Casa é de planta alta. Abaixo estaban as cortes. Eiquí poderíamos imaxinar dous porcos co fuciño ensanguentado colgando dun adival. Ó ancho unha corredeira que mira ó sol dende que sae até que se pon. As tinas serían non tanto porque luxasen o piso coma por evitar que fosen os micos ó que ule. No alpendre do lado a lareira o charrizo o cuarto do forno. Nas casas todo ule.

[...] *como tamén fai dicir ó espazo*. A verdade do rito é un eixo de coordenadas o campo visual que o camarógrafo gardará pra nós. Abrindo a escena en primeiro plano os postos das rosquillas llas carpas do polbo. O palenque contaminándoo todo. A ti xa non hai quen te cure.

O Elo (Urutau, 2020)



Helena Salgueiro

*(Santiago de
Compostela, 1995)*

Creadora escénica, performer e poeta, o seu traballo tense amosado en teatros, museos, festivais e espazos non convencionais de Galicia, Portugal, Suecia, Inglaterra, Escocia e Arabia Saudita. Fórmase en teatro físico, danza e dramaturxia en Dinamarca, Polonia, Francia e Escocia e en Filoloxía Galega e Teoría da Literatura e Literatura Comparada en Santiago de Compostela. Traballa arredor da hibridación de xéneros, especialmente da literatura coas artes performativas.

A muller cabalga sobre campos de algodón. “Vai cara ao teu corazón”. A chamada non pode suturar coa palabra. Espectadora do propio movemento, a muller cabalga un cabalo branco correndo sobre campos de trigo ou sobre o mar. O plano detense sobre os seus ollos. Que abren de súpeto. Din o seu nome. Imaxes esvaecen. Sentada nunha cadeira na sala de espera, cardioloxía. O reloxo canta o mediodía. Unha pulsión chega para a sospeita. Un tremor dos dedos dinos que aínda non está o que se cre termar. Unha muller, de súpeto, pode adiviñar ou escribir o seu destino. “Non saberás o seu nome, pero si a súa cura”.

Inédito (2017)

cóidome da túa pel latente/ tampouco presinto ben qué/ da túa ansia nos meus poros/ cóidome de cando te inclinas no meu ser/ os teus líquidos báñanme e enléanse/ deveñen flor central/ os meus membros/ dobran/ con pánico con esvaecemento/ rabúñote coas miñas zoupas/ estremécense as túas nádegas nácara/ ao nacer/ somos dor e somos pracer/ somos dor e somos pracer/ por iso cóidome de ti cando me abres/ non quero abrirme

As flores (Deputación da Coruña, 2016)



@freckleseye

Xabier Xil Xardón

(*Morgade - Xinzo de Limia*, 1983)

O poeta deu ao prelo os poemarios *Cando menos a derrota* (Sotelo Blanco, 2008), *Detéxtonos* (Edicións Positivas, 2018) e *O contaxio* (Urutau, 2019). Algúns textos seus foron premiados, como *Cando menos a derrota*, galardoado co Premio Eusebio Lorenzo Baleirón en 2008; publicados en revistas e antologados. Na actualidade participa dos colectivos interdisciplinares Fiinda e Límites. Dedícase á docencia.

O meu nome é unha aparición de fío entre buratos.
Ocúpanme os buratos do meu nome entretecido.
Redefínense os buratos e o toco vén a ser
un espazo interrompido por si propio
e van cabezas por falar de metonimias.
Hai unha estrutura inherente ao nome
e é un caos de xerarquías.

O meu nome vive na repoboación da nada, que é un
[contaxio.
A devastación, a enfermidade, a inercia, a cópula. Esa
[ansia
por abranguer o nome canda ás sombras que soporta.
Mais quen pega das mans que levo dentro
e canto pesa o nome ao mirar para elas?

O contaxio (Urutau, 2019)

Chove á volta da esquina.

Hoxe a cidade oculta, máis ca nunca, a súa identidade.

Tras das fiestras espreitan as parénteses que nos collen no inconsciente colectivo fusís apuntando ao abismo das vidreiras e dos bafos. Desfigurados polo silencio do alento o silencio do que nacen o andel e os libros que soporta os ollos da cidade choran sen sabelo canda o peso das siluetas contra as rúas, interiores. Supura o empedrado un mutismo de revólver descargado e cada palabra é unha bala na recámara das horas estancadas na taberna. Hoxe chove nas cidades todas. Mais esta, esta en concreto é un arrabaldo sen retorno con rúas para pousar os pes repetidas veces Rúas cheas de todo o que se precisa para extinguir o alento enriba delas Rúas coma cobras enleadas engulindo bafos rúas onde proxectar os rastros prefabricados de corpos que vacilan con firmeza Rúas para aterraren ovnis no día calquera da fin do mundo Rúas que nos supuran a diario para lle ofrecer ao ceo a beleza do macabro do pobo que se inmola ao vento na terceira xeración

Burato negro ensanche da historia pirotecnia sombra da patria foxa común ogiV: nos teus ollos xa non colle máis anonimato.



Detéxtonos (Edicións Positivas, 2018)

Rosalía Fernández Rial

(Carballo-Muxía, 1988)

Rosalía é unha creadora que se rexenera cada un dos seus poemarios, entre os que destacan: *En clave de sol* (A.C. Lumieira, 2009), *Átonos* (A.C. Lumieira, 2011), *Vinte en escena* (Edicións Positivas, 2012), *Un mar de sensacións* (Semescor, 2012), *Ningún amante sabe conducir* (Edicións Positivas, 2014), *Contra-acción* (Neopatria, 2016), *Sacar a bailar* (Sial-Pigmalión, 2016) ou *Árbores no deserto* (Editorial Galaxia, 2020). Ao longo destas obras pódese observar como a autora se metamorfosea en presentacións performánticas e musicais que tamén foron levadas ao ámbito audiovisual.

Escena VII: (esquina)

As esquinas da rúa
que fago pola noite
son as proas da cidade.
Eu, o máis fermoso mascarón.
Nacín madeira de serea;
o meu canto fuma
rosas dos ventos
en solapas descoñecidas.
Desorientadas xa.
E os peixes que teño nos beizos
coñecen
todos os buratos do suburbio.
Porque cada crepúsculo
atracan, nas miñas costas,
demasiados barcos desnortados.
Din que me movo
en danza oceánica;
que bico coa vertixe do nordés.
Comprenden que cobre
por fabricar amor.
Pero ninguén sabe
con cantos piratas
teño que deitarme
antes de poder durmir.

Vinte en escena (Edicións Positivas, 2012)

A reflexión

Detrás do espello
todas eramos a mesma muller,
núa,
interrogativa,
reclamándolle respostas
á realidade.
Ninguén vai chamar por nós?
Ninguén —silencio—.
Porque sodes a mesma muller sen rostro,
sen nome.
E se nos creamos?
Que cada unha
se debuxa da forma que queira.
E foi así como demos a luz
os nosos lenzos,
soñando pincel,
imaxinando cores,
a grande escala.
Foi así como
comezamos a parirnos...
Ata nacer
entre os marcos ceibes
da fantasía feminina.
Así hoxe vexo,
nos seus ollos,
que o teu retrato
son eu.



@dropoutofcollage

Árbores no deserto (Editorial Galaxia, 2020)

Daniel Landesa
(Coia -Vigo, 1976)

Filólogo de formación, traballa no campo da publicidade. Leva escribindo e impulsando proxectos literarios desde a súa época universitaria. Foi coordinador da revista *Criaturas*, especializada en literatura infantil e xuvenil, e un dos fundadores do colectivo Poetas da Hostia. Como autor de poesía publicou *Gallaecia* (Xerais, 2001), *Da casa nova* (Emerxente, 2014) e *Ningún paxaro exótico* (A vida en Prypiat, 2017). É coautor do álbum ilustrado *Unha sorpresa para Goruk* (Galaxia, 2012). No 2018 publicou *Penumbra*, a súa primeira novela, en Xerais.

Viño doce

Hai días derrota,
criptas imposibles
para depenicar na beleza.
É entón o momento
de deixar de lado esta teima
de crear con respiración asistida
e botar os pasos camiño do supermercado
e mercar:

unha botella de Monterrei do 97,
un feixe de Kleenex con aroma
a outro tempo,
unha bolsa de alma enlatada
e un paquete de azucre de marca branca
coma o azucre

e pasear polo mostrador de conxelados
a procurar un recordo
que perdido algunha vez ficou
entre a pel da estirpe
e o arroz tres delicias para microondas;
ou intentar contemplar a profundidade
nos ollos maquillados da caixeira
que tan só ven códigos de barras:
-Non. Non preciso ticket de parking, vivo nesta
mesma rúa.

Grazas.

Apañamos as bolsas con coidado,
que a botella de viño
non bata cos recordos xélidos.
Ábrense logo as portas mecánicas
e volve o mundo

E abandonamos a fantasía
dos corredores aquelados,
da voz en off anunciando a oferta do día,
dos sorrisos novos na sección de baño.

Ao regreso
preparo o viño doce
e brindo por anotar
que é hoxe un día
sen épica
sen versos.

Da casa Nova (Emerxente, 2014).

matrioshkas

Occidente é tan pequeno coma unha caixa de zapatos
dentro dunha caixa de zapatos
unha escaleira de veciños tan condenadamente ben
educados
que sei que nunca xamais entrarei nos seus plans:

marxinado entre os marxinais
só insultos me saen pola boca.

Inédito



Celia Parra
(Ourense, 1990)

Poeta que se dedica á produción audiovisual. Autora de *Pantallas* (Galaxia, 2018) e *No berce das mareas* (Edicións Fervenza, 2009), forma parte de diversas antoloxías, coma *No seu despreñar* (Apiario, 2016), *13 Antoloxía da poesía galega próxima* (Chan da Pólvo-ra-papelesmínimos, 2017) ou *Poesía galega novísima* (Urutau, 2020). Os seus poemas foron traducidos a varias linguas e publicados en revistas coma *Dorna*, *Shearsman* ou *sèrieAlfa*, entre outras. Polos seus videopoemas recibiu numerosos recoñecementos en festivais internacionais.

SUXEITO 01000011

Investín 262.800 horas en ensamblar cada píxel
desa imaxe que ves na pantalla.
87.600 horas naquilo que non podes ver, pero intúes.
O códec que me define.

Iso foi o máis difícil.
Pensar: que quero pensar,
como quero parecer,
como quero perfilar
a miña eu.

Todo o que está no envés da imaxe.
Todo o que, sabemos, pouco importa.

175.000 horas custoume cicelar o que falará por min
aínda que enmudeza.

Dedico 4 horas cada día
a alimentar esa imaxe de min nas pantallas.
Unha vez exporto a versión final do deseño,
consagro as horas en mantelo intacto.
Non saír á rúa, non falar demasiado longo.

Non quero que se descubra que
eu
non son tan eu
como dixeran ser.

Pantallas (Galaxia, 2018)

Podes saltar o anuncio en 5 segundos

Cando sorrís,
do bordo dos teus ollos emerxen
tímidos regueiros de sombra.
Na pantalla,
cada engurra é a greta
que escindiu Panxea.

Por iso aprendiches do encoro a conter o xesto.
A manterte intacta ante a tiranía do píxel.

Sabes que aquí nada escapa á
alta resolución, á
alta
definición:
Panóptico.

Pantallas (Galaxia, 2018)



@freckleseye

Cristina V Miranda

(Santiago de
Compostela, 1982)

Compostelá que desenvolve a súa actividade en numerosos eidos, abranguendo desde a promoción cultural, o márketing vinícola, a organización de eventos e festivais, a lectura e, por suposto, tamén a escrita. Publicou o seu primeiro poemario, *A auga do lobo*, en decembro de 2019 coa editorial Toxosoutos. Proximamente presentará unha colección de poemas musicados xunto ao artista Auto Sacramental, mentres continúa a traballar na que será a súa primeira novela.

Os franceses

Eran guapos coma actores de telenovela
coma o verán que traían con eles
anticipaban o desexo admirado nas revistas
espellos onde madurar
mapamundis recreados á sombra dun carballo.

Jeans rotos
cabelos dourados polo sol
camisetas con mensaxes encriptadas
joie de vivre
o sexo sempre algo a piques de suceder.

Olivier a mirada verde, unha moza en París
Amandine peiteábase nun filme de Chabrol
o nariz chato, a boca grande dicían
xa sabía bicar.

Patrice, suspendido nunha árbore
a bicicleta incendiando as corredoiras.
Éloïse 14 anos, todo o corpo por facer
a cara de anxo ardente de promesas
cada quince de agosto a mesma alegría.

Ela foi o meu primeiro amor.

A auga do lobo (Toxosoutos, 2019)

Intuición

Aluguei a vida intuída
na rabuñada dun matalobos
na satisfacción dun agro sen herdanza
sen voz.

Remexín a arducia no caldeiro
dos gatos que pariron lonxe da casa
e morreron ao carón da cheminea.

Elexín a cama quente
a noite que sinalaches a porta
e chovía.



A auga do lobo (Toxosoutos, 2019)

Pompa & Boato

(Mos, 1982)

Filósofo de formación e vocación e creador a tempo completo, publica o seu primeiro poemario *Enésima patada con amor* en 2019. Obra primeira na que se ispe de corpo adentro levando o privado ao terreo do público co único fin de facerse dono e contador dunha historia que antes, outros, quixeron contar por el. Actualmente prepara a súa segunda obra en castelán ao tempo que traballa no que será o seu primeiro poemario en lingua galega.

Non hai nada seguro

Que non hai nada seguro
un apréndeo cando xa é tarde
cando non hai hora de chegada
e a avoa entendeu
que non durmir agardando por un
non é causa suficiente
motivo abondo, razón de peso
para se enfrontar a un suco máis de sementes
co cansanzo apretando forte
o mango do leghón nun día de xornal.

Que non hai nada seguro
é un golpe tan forte
unha verdade
tan desprovista de atenuantes.

Agora que a avoa tece gorriños de la
para as amigas
para os amigos
e para os fillos das amigas e os amigos
deste que xa non chega tarde máis
que, se cadra,
de tanto en tanto
a algún encontro con descoñecidos.

Agora que as tardes da avoa substitúen
as leiras dos veciños,
e os brazados de herba
pola película da televisión
porque para a avoa todo é película

porque para a avoa todo é película
todo o que non pode ela asociar
con sucos de sementes.

Agora é cando un aprende
que non hai nada
seguro.

Nada seguro
máis aló do que un pode asociar
coa avoa e o seu xeito de apretar forte -ELA-
o mango do leghón
cavando
cavando
cavando
con tanta seguridade.

Inédito

Unha distancia insalvable

Entre o teu amor
e o meu amor
existe unha distancia insalvable.
Sesenta e seis quilómetros
de camiño
-máis hora e media-
tres quilos de peso morto
cen latexos por minuto
de ansia viva. ..

Hai, entre o teu amor e o meu
unha conta de aforro
baleira
e uns petos cheos de farelo de tabaco.
Hai un can
e hai un gato
e unha eira con galiñas
que non chegaron a existir.

Entre o teu amor
e o meu amor
hai dúas persoas
que disenten no que senten
e non se decatan de que
para vivir a mesma historia non abonda
con darlle aos sucesos o mesmo nome.

Entre o teu amor e o meu
existe, entón, unha distancia
verdadeiramente insalvable

e eu estou indo cara a ese lugar
do que ti foxes
e ti estaste achegando a este lugar
do que eu me afasto.

Entre o teu amor
e o meu amor
hai, si,
dúas persoas que avanza en sentido contrario
e que cometen, entón, o mesmo erro.

Salvando as distancias.



Inédito

Alba Cid
(Ourense, 1989)

Poeta e investigadora, o seu primeiro poemario, *Atlas* (Galaxia, 2019), foi galardoado co Premio Nacional de Poesía Nova Miguel Hernández 2020 que concede o Ministerio de Cultura. Os seus poemas traducíronse ao castelán, grego, inglés e portugués, e foron incluídos en antoloxías, revistas e webs coma *Asymptote*, *Enfermaria 6*, *Kenyon Review*, *Oculto Lit*, *Poem-a-Day* ou *The Offing*. Forma parte do consello editorial de *Dorna*, colabora na Radio Galega, fai fotografías e ilustra ocasionalmente.

que fermoso pensar que os deuses abondan

así, a escada na folla esquerda non é máis que un fragmento da ascensión ao monte Hua Shan,
unha das cinco montañas sagradas chinesas.
un camiño de táboas no extenso ceo,
traducen os guías,
o sendeiro dos soldados
en suma, dez mil chanzos tallados na roca granítica, e sobre eles,

visitantes e monxes nunha grilanda infinita
seres que ascenden buscando
a visión ou a inmortalidade
talvez unha opresión no peito, e *chás*:

no cumio non hai máis ca un templo convertido en salón de té

e un arbusto
cor prata
que a fatiga confunde cunha silva crepitante,
coma o peito,
coma as carpas

ata que o peso das ofrendas volve coral as ramas.

Atlas (Galaxia, 2019)




@dropoutofcollage

branco é canto non nos pertence

o lombo das reses deitadas nos lameiros de Gante, cerca
do Escalda, un dos ríos que Xulio César cita errada-
mente na Guerra das Galias, porque branco é o erro
e o corte,
as costuras que as minas de lousa inflixen aos montes e
a esclerótica que cerca o iris,
o anuncio da resurrección ou os corpos amoreados nas
fotografías,
os rituais do adeus
no outro lado do mundo.

branco é canto non nos pertence,
o finísimo sedeño que ata a lúa
á Quintana dos Mortos.



@miryampato

GADIS

GADIS